FEDERACIÓN GALEGA
DE CONFRARÍAS DE PESCADORES
Rúa Palmeiras, nave 84 - A1 15895 Novo Milladoiro Ames (A Coruña)
Telf. 0034 981 94 17 75 - Fax. 0034 981 94 17 56
confrariasgalicia@confrariasgalicia.org - www.confrariasgalicia.org

xuño 2021

# 2020

Informe Sectorial e de Xestión Adva. da Federación Galega de Confrarías de Pescadores

Xunta Xeral

FEDERACIÓN GALEGA
DE CONFRARÍAS DE PESCADORES
Rúa Palmeiras, nave 84 - A1 15895 Novo Milladoiro Ames (A Coruña)
Telf. 0034 981 94 17 75 - Fax. 0034 981 94 17 56
confrariasgalicia@confrariasgalicia.org - www.confrariasgalicia.org

# INFORME SECTORIAL E DE XESTIÓN ADMINISTRATIVA 2020


## I. INFORME SECTORIAL e de NOVIDADES NORMATIVAS .

a. ADMINISTRACIÓN COMUNITARIA
b. ADMINISTRACIÓN ESPAÑOLA
c. ADMINISTRACIÓN GALEGA

## II. INFORME das XESTIÓNS ADMINISTRATIVAS da FEDERACIÓN GALEGA.

a. A ACTIVIDADE ADMINISTRATIVA
b. REUNIÓNS DOS ÓRGANOS REITORES E ACORDOS DA FG
c. OUTRAS REUNIÓNS

## III. ÓRGANOS CONSULTIVOS e XESTIÓN de PROXECTOS.

a. ORGANOS CONSULTIVOS
b. XESTIÓN DE PROXECTOS

# I. INFORME SECTORIAL e NORMATIVO.

Neste primeiro apartado enumeramos aqueles aspectos sectoriais máis relevantes así como a normativa aprobada, facendo a súa clasificación segundo a administración pública de onde procede: ámbito comunitario, nacional ou da comunidade autónoma:

## a. ADMINISTRACIÓN COMUNITARIA

Destacamos principalmente a publicación de:

- Regulamento delegado (UE) 2019/2237 da comisión do 1 de outubro de 2019 polo que se especifican os detalles da obrigación de desembarque en relación con determinadas pesqueiras demersais en augas suroccidentais para o período 2020-2021.
- Regulamento de Execución (UE) 2020/112 da comisión do 22 de xaneiro 2020 polo que se efectúan deducións das cotas de pesca dispoñibles para determinadas poboacións en 2019 debido a sobre-pesca practicada en anos anteriores noutras poboacións e polo que se modifica o Regulamento de Execución (UE) 2019/1726
- Regulamento (UE) 2020/123 do Consello do 27 de xaneiro de 2020 polo que se establecen, para 2020, as posibilidades de pesca para determinadas poboacións e grupos de poboacións de peixes, aplicables en augas da Unión e, no caso dos buques pesqueiros da Unión, en determinadas augas non pertencentes á Unión.
- Regulamento (UE) 2020/231 do consello do 18 de febreiro de 2020 sobre a modificación do Regulamento (UE) 2018/1977 do Consello, relativo a apertura e modo de xestión dos continxentes arancelarios autónomos da Unión de determinados produtos pesqueiros para o período 2019-2020.
- Regulamento de Execución (UE) 2020/1027 da Comisión do 14 de xullo de 2020 polo que se modifican os Regulamento de Execución (UE) 771/2014, (UE) 1242/2014 y (UE) 1243/2014 no que respecta a execución e seguimento de medidas específicas para atenuar o impacto do brote de COVID 19 no sector da pesca e da acuicultura.
- Regulamento de Execución (UE) 2020/1155 da comisión do 30 de xullo de 2020 polo que se engaden as cotas de pesca de 2020 de determinadas cantidades retidas no ano 2019 de conformidade co artigo 4, apartado 2, do Regulamento (CE) 847/96 do Consello.
- Regulamento de Execución (UE) 2020/1247 da Comisión do 2 de setembro de 2020 polo que se efectúan deducións das cotas de pesca dispoñibles para determinadas poboacións en 2020 debido a sobre-pesca en anos anteriores.
- Regulamento Delegado (UE) 2020/2013 da Comisión do 21 de agosto de 2020 polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/1241 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta as medidas técnicas `para determinadas pesqueiras demersales e peláxicas do mar do Norte e das augas suroccidentais .
- Regulamento delegado (UE) 2020/2015 da Comisión do 21 de agosto de 2020 polo que se detallan as disposicións de aplicación da obrigación de

desembarque en determinadas pesqueiras da augas occidentais para o período 2021-2023.

## b. ADMINISTRACIÓN ESPAÑOLA

Destacamos principalmente a publicación de:

- Resolución do 24 de xaneiro de 2020, da Secretaria Xeral de Pesca, pola que se establecen as cotas iniciais para 2020 dispoñibles por modalidade ou censo para as distintas especies contempladas nos plans de xestión dos buques censados nos caladoiros nacionais do Cantábrico e Noroeste, Golfo de Cádiz, así coma buques de arrastre de fondo que faenan en augas de Portugal.
- Resolución do 9 de xaneiro de 2020, da Secretaría Xeral de Pesca pola que se distribúen de maneira provisional as cotas de España de ollomol (besugo, *Pagellus bogaraveo*), SBR-678; castañeta macho (alfonsino *Beryx spp),* ALF/3X14; e de maneira definitiva a cota de España de peixe sabre negro ( sable negro, *Aphanopus carbo*), BSF/8910, entre as flotas do caladoiro nacional (zonas VIIIc e IXa) e as flotas que operan nas augas NEAFC, e se establecen medidas de ordenación da pesqueira.
- Resolución do 26 de decembro de 2019, da Secretaría Xeral de Pesca, pola que se a do 1 de decembro de 2017, pola que se publica o listado de portos designados conforme a Orde APM/763/2017, de 24 de xullo, pola que se establece o control de desembarques de máis de 10 toneladas de determinadas especies peláxicas.
- Resolución do 20 de xaneiro de 2020, da Secretaría Xeral de Pesca, pola que se establecen disposicións de ordenación da pesqueira da xarda *(Scomber scombrus)* das zonas VIIIc e IXa para os buques da flota de outras artes diferentes do arrastre e o cerco do caladoiro Cantábrico e Noroeste.
- Resolución do 31 de xaneiro de 2020, da Secretaría Xeral de Pesca, pola que se establecen disposicións de ordenación da pesqueira de raias (SRX-89C) das zonas VIII e IX para os buques do Cantábrico e Noroeste.
- Resolución do 20 de febreiro de 2020, da Secretaría Xeral de Pesca, pola que se publica a actualización do censo unificado de palangre de superficie.
- Resolución do 26 de febreiro de 2020, da Secretaría Xeral de Pesca, pola que se publica o reparto individualizado das cotas de pescada para o censo do buques de volanta autorizados a pescar pescada no caladoiro do Cantábrico e Noroeste durante o ano 2020.
- Resolución do 16 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral de Pesca, pola que se publican as cotas de xarda, xurelo VIIIc e xurelo IXa para os buques do censo do Cantábrico e Noroeste durante o ano 2020.
- Orde APA/315/2020, de 1 de abril, pola que se establecen criterios de xestión das posibilidades de pesca asignadas ao Reino de España e se modifican diversas Ordes ministeriais que regulan a actividade pesqueiras da flotas que fan uso das mesmas.
- Orde APA/372/2020, de 24 de abril, pola que se regula a pesqueira do Patudo (*Thunus obesus*) no Océano Atlántico e se establece un censo de buques autorizados a pesca do patudo.

- Resolución do 30 de abril de 2020, da Secretaría Xeral de Pesca, pola que se establecen disposicións de ordenación da pesqueira da sardiña ibérica (*Sardina pilchardus*) que se pesca en augas ibéricas da zona CIEM 8c e 9a.
- Real Decreto 449/2020 do 10 de marzo, polo que se modifica o Real Decreto 36/2014, do 24 de xaneiro, polo que se regulan os títulos profesionais do sector pesqueiro, co fin de modernizar os seus requisitos e efectos.
- Resolución do 12 de maio de 2020 da Secretaría Xeral de Pesca, pola que se establecen medidas adicionais de ordenación para os buques da modalidade ou censo do cerco do Cantábrico e Noroeste en relación a pesqueira da anchoa 9a.
- Resolución do 30 de abril de 2020 da Secretaría Xeral de Pesca, pola que se publica a lista de buques autorizados a dirixir a súa actividade a pesqueira da sardiña ibérica (*Sardina pilchardus*) que se pesca en augas ibéricas da zona CIEM VIIIc e IXa.
- Resolución do 12 de maio de 2020, da Secretaría Xeral de Pesca pola que se publica a asignación de cotas de patudo (*Thunus obesus*) e o censo específico de buques autorizados á pesca de patudo no Océano Atlántico.
- Resolución do 3 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral de Pesca, pola que se distribúe a cota de xurelo do stock JAX/2A-14 asignada a España no ano 2020.
- Real Decreto 550/2020, de 2 de xuño, polo que se determinan as condicións de seguridade das actividades de buceo.
- Orde APA/579/2020, do 29 de xuño, pola que se modifica a Orde APA/514/2019, do 26 de abril, pola que se fixan normas para a aplicación das exencións á obriga de desembarque e para a mellora na selectividade dos artes.
- Real Decreto 618/2020, do 30 de xuño, polo que se establecen melloras nas condicións de traballo no sector pesqueiro.
- Real Decreto 703/2020, do 28 de xullo, polo que se aproban as bases reguladoras das axudas á paralización temporal da actividade pesqueira para poder facer fronte ao impacto económico e social derivado da pandemia de COVID-19, convócanse dichas axudas para o primeiro tramo do exercicio 2020 e se modifican distintos Reais Decretos relativos á regulación das organizacións profesionais no sector da pesca e a acuicultura e para o exercicio da pesca recreativa.
- Resolución do 3 de setembro de 2020, da Secretaría Xeral de Pesca, pola que se modifica a de 10 de marzo de 2020, pola que se establecen disposicións adicionais de ordenación da pesqueira da pescada (Merluccius merluccius) das zonas VIIIc e IXa para os buques da flota de artes menores do Cantábrico e Noroeste.

## c. ADMINISTRACIÓN GALEGA

A Consellería do Mar da Xunta de Galicia é quen aproba a normativa que regula o marisqueo e a actividade pesqueira nas augas interiores. Destacan os plans de xestión de diversas especies, especialmente:

### i. Plan xeral de explotación marisqueira

A Orde do 21 de decembro de 2020 pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2021-2023 foi publicada no DOG núm. 262 do xoves 31 de decembro de 2020.

Durante o ano 2020 a explotación marisqueira en Galicia continuou a estar regulada polo plan xeral de explotación marisqueira para o ano 2019 aprobado con data do 20 de decembro de 2018 e publicado no DOG núm. 248 do 31 de decembro de 2018, que foi prorrogado ao longo do ano 2020.

O seu obxecto é aprobar as normas que regulan a actividade marisqueira incluíndo o resumo dos plans de explotación, as normas no libre marisqueo ou os períodos autorizados para a extracción dos crustáceos non suxeitos a plans de explotación.

### ii. Plan de xestión dos recursos específicos.

Os recursos específicos defínense como aquelas especies marisqueiras que po las súas características biolóxicas, pola súa técnica de extracción ou po las especificidades da súa comercialización requiren un sistema de xestión que atenda a estas particularidades.

O 20 de decembro de 2018 aprobáronse os plans de xestión para recursos específicos para o ano 2019, e publicouse no DOG núm. 249 do 27 de decembro de 2018. Estes plans de xestión foron prorrogados durante o ano 2020 e 2021, ata a aprobación dos novos con vixencia trianual, que se producira previsiblemente a finais do ano 2021

A súa estrutura e similar a os plans de explotación.

### iii. Plan xestión pesca polbo con nasas

O plan de xestión da nasa do polbo non é un plan anual, se non que regula "campañas". Estas abranguen un período que vai dende o fin da veda da especie o inicio da veda seguinte, tendo en conta que a mesma soe ser entre os meses de maio e xuño, o plan encóntranse a cabalo entre dous anos naturais, así que un ano natural esta regulado por dous plans diferentes, un para a primeira parte do ano, ata o inicio da veda e outro dende o fin de esta.

A Resolución do 9 de maio de 2019, publicada no DOG núm. 103 do 9 de maio de 2019, aproba o plan experimental para a xestión do polbo con nasa durante a campaña 2019-2020.

A Resolución do 12 de maio de 2020, publicada no DOG núm. 101 do 27 de maio de 2020, aproba o plan experimental para a xestión do polbo con nasa durante a campaña 2020-2021.

### iv. Plan xestión centola e boi

O igual que no caso do polbo a centola e o boi non se xestionan en un ano natural, se non que por campañas que abranguen dende o fin da veda ata o inicio da seguinte.

No DOG núm. 133 do 13 de xuño de 2019 publícase a Resolución do 13 de xuño de 2019 polo que se aproba o plan de xestión da centola e do boi 2019-2020.

No DOG núm. 124 do 25 de xuño de 2020 publícase a Resolución do 9 de xuño de 2020 polo que se aproba o plan de xestión da centola e do boi 2020-2021.

Cada plan cubre un semestre do ano 2020

### v. Plan xestión nasa nécora e camarón

O plan de xestión da nécora e o camarón con nasa é un plan bianual, o ano 2020 foi regulado pola resolución do 17 de xuño de 2019 pola que se aproba o plan experimental para xestión da nécora e o camarón coa arte de nasa de nécora e camarón 2019-2021 abrangue dende o 1 de xullo de 2019 ata o 30 de xuño de 2021 e foi publicado no DOG núm. 140 do 24 de xullo.

O período de veda para a nécora, o camarón carece de veda, é marcado cada ano no plan xeral de explotación marisqueira.

### vi. Plan de xeito

Pola Resolución do 20 de decembro de 2019 pola que se aproba o plan de xestión da sardiña coa arte do xeito para o ano 2020, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, publicada no DOG núm. 18 do 28 de xaneiro de 2020 aprobase o plan que xestiona a pesca de sardiña con arte de xeito en Galicia.

Ao longo do ano este plan sufriu 5 modificacións, que afectaron aos topes de captura, que se foron adaptando ao stock co que se contaba en diferentes momentos e a demanda do recurso.

### vii. Outros

Aparte dos plans de xestión comentados anteriormente, a Consellería do Mar aprobou diferentes Plans experimentais e de pesca para a xestión doutras especies de interese nas nosas rías. Así foron aprobados os seguintes plans:

- Plan de pesca da anguía para as confrarías de pescadores da ría de Vigo.
- Plan de pesca da anguía para as confrarías de pescadores da ría de Arousa.
- Plan de pesca da anguía para as confrarías de pescadores da ría de Ferrol.
- Plan de pesca de patexo, patulate e conguito da CCAA de Galicia.
- Plan experimental de pesca con trasmallos para as confrarías de pescadores da ría de Arousa.
- Plan experimental de pesca con trasmallos con cambio de horario para as confrarías de pescadores da ría de Vigo.
- Plan experimental de pesca con trasmallos para as confrarías de pescadores da ría de Pontevedra.
- Plan experimental de pesca con nasa para peixe.

# II. INFORME de XESTIÓNS ADMINISTRATIVAS da FG.

## a. A ACTIVIDADE ADMINISTRATIVA.

A ampla actividade administrativa que desenvolve diariamente o persoal da Federación Galega presentámola en varios apartados a fin de analizar este traballo:

### i. Circulares e Información a Confrarías. Cadro explicativo.

Unha das tarefas fundamentais da Federación Galega é a de manter información continua ás Confrarías de Pescadores. A comunicación foi practicamente diaria coa remisión de circulares informativas.

En canto ó período do 1-XANEIRO-2020 a 31-DECEMBRO-2020 as circulares remitidas foron 141. A continuación expoñemos o listado resumido de cada unha:

| Circulares 2020 |
|---|
| 1-2020 BORRADOR DA RESOLUCIÓN DE ORDENACIÓN DA XARDA |
| 2-2020 PLAN EXPERIMENTAL DE PESCA CON NASA DE PEIXE |
| 3-2020 RESOLUCIÓN REPARTO ESPECIES PROFUNDAS |

| |
|---|
| 4-2020 PLAN PESCA TRASMALLOS AROUSA 2020 |
| 5-2020 BORRADOR DAS COTAS INICIAIS PARA O ANO 2020 |
| 6-2020 BORRADOR TOPES RAIAS |
| 7-2020 RESOLUCION ORDENACIÓN XARDA |
| 8-2020 BORRADORES VARIAS RESOLUCIÓNS |
| 9-2020 INTERCAMBIO COTAS XARDA-ANCHOA |
| 10-2020 DITAME RELOJITO COMITE EX. CCSUD |
| 11-2020 BORRADOR RAIAS-PROPOSTA ASTURIAS |
| 12-2020 COTAS INICIAIS PARA O ANO 2020 |
| 13-2020 AXUDAS PARA INNOVACIÓN |
| 14-2020 PUBLICACION DO PLAN DO XEITO |
| 15-2020 POSIBILIDADES DE PESCA 2020 |
| 16-2020 PLAN ANGUÍA RÍA DE VIGO 2020 |
| 17-2020 PLAN ANGUÍA RÍA DE AROUSA 2020 |
| 18-2020 PLAN TRASMALLOS RIA DE PONTEVEDRA 2020 |
| 19-2020 PLAN TRASMALLOS RÍA DE VIGO 2020 |
| 20-2020 MODIFICACIÓN PLAN DO POLBO |
| 21-2020 PUBLICACION CONVOCATORIA AXUDAS |
| 21-2020 PUBLICACION CONVOCATORIA AXUDAS |
| 22-2020 RESOLUCIÓN TOPES RAIAS |
| 23-2020 PUBLICACION CONVOCATORIA AXUDAS INFRAESTRUCTURAS |
| 24-2020 XORNADA TECNICA SOBRE AXUDAS A CONFRARIAS DE PESCADORES |
| 25-2020 ACORDO DO MIÑO 2º BIMESTRE |
| 26-2020 BORRRADOR ANCHOA 8 |
| 27-2020 PUBLICACIÓN NO BOE RESOLUCIÓN RAIAS |
| 28-2020 SOLICITUDE CERCO AUGAS FRANCESAS 2º TRIMESTRE |
| 29-2020 PUBLICACIÓN NA WEB PRESENTACIONS XORNADA |
| 30-2020 BORRADOR MERLUZA ARTES MENORES ZONAS 8C E 9A |
| 31-2020 BORRADOR RESOLUCIÓN COTAS CERCO |
| 32-2020 MODIFICACIÓN RESOLUCIÓN ANCHOA VIII |
| 33-2020 AVISO RETIRADA APARELLOS POR PROXECTO PELÁXICOS |
| 34-2020 PECHE RAIA MOSAICO ZONA IX |
| 35-2020 CERCO PORTUGAL POR FORA DAS 12 MILLAS 2º TRIMESTRE |
| 36-2020 RECOMENDACIÓNS DE MEDIDAS A ADOPTAR NAS LONXAS |
| 37-2020 RECOMENDACIÓNS DE MEDIDAS A ADOPTAR NAS EMBARCACIÓNS |
| 38-2020 RECOMENDACIÓNS ACTIVIDADE MARISQUEO DURANTE O COVID-19 |
| 39-2020 XESTIONS CRISE CORONAVIRUS |
| 40-2020 REPOSTA ISM TRAMITES CESE DE ACTIVIDADE |
| 41-2020 COMUNICADO REMITIDO ÁS AUTORIDADES ESTATAIS |
| 43-2020 MODIFICACIÓN DO PLAN DO XEITO |
| 44-2020 MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA TRASLADO DE TRABALLADORES |
| 45-2020 BORRADOR REPARTO COTA ADICIONAL DE XARDA |
| 46-2020 PUBLICACIÓN BOE ORDE OMNIBUS |
| 47-2020 COMUNICACIÓN ABANCA MAR |
| 48-2020 WEBIMAR LIÑAS OFICIAIS PARA DOTAR DE LIQUIDEZ AOS AUTÓNOMOS E PYMES GALEGAS |
| 49-2020 RESOLUCIÓN REPARTO COTA ADICIONAL DE XARDA |
| 50-2020 ACORDO DO MIÑO 3º BIMESTRE |
| 51-2020 BORRADOR DISTRIBUCIÓN COTA XURELO JAX 2A 14 |
| 52-2020 BORRADOR RESOLUCIÓN REPARTO SWAP XURELO |
| 53-2020 BORRADOR ORDENACIÓN SARDIÑA 2020 |
| 54-2020 BORRADOR RESOLUCIÓN EMABARCACIÓNS AUTORIZADAS A PESCAR SARDIÑA |
| 55-2020 ACORDO COVID BUQUES CERCO ANCHOA |
| 56-2020 CAMPAÑA COSTEIRA BONITO 2020 |
| 57-2020 CORRECCIÓN BORRADOR DO REPARTO DO SWAPP DE XURELO |
| 58-2020 VEDA DO CHOCO RÍA DE AROUSA |
| 59-2020 CONTESTACION CARTA MINISTERIO PESCA-FONDOS FEMP |

| |
|---|
| 60-2020 BORRADOR RESOLUCIÓN ANCHOA 9 |
| 61-2020 PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDE DE EXENCIÓNS A OBRIGA DE DESEMBARQUE |
| 62-2020 PROPOSTA AMPLIACIÓN PLAN TRASMALLOS RIA AROUSA 2020 |
| 63-2020 SEGUNDA MODIFICACIÓN DO PLAN DO XEITO |
| 64-2020 PROXECTO AXUDAS POLO IMPACTO DO COVID-19 |
| 64-2020 RESOLUCION ORDENACIÓN SARDIÑA 2020 |
| 65-2020 PLAN DA NASA DO POLBO 2020-2021 |
| 66-2020 ORDE PROXECTOS COLECTIVOS 2020-2021 |
| 67-2020 APERTURA ANCHOA IXA |
| 68-2020 RESOLUCIÓN REPARTO SWAP XURELO |
| 69-2020 ASIGNACIÓN COTAS PATUDO |
| 70-2020 CARTEIS COVID OFICINAS CONFRARÍAS |
| 71-2020 BORRADOR REPARTO SWAP PESCADA SUR |
| 72-2020 CRITERIOS COMPUTO ACTIVIDADE EXTRACTIVA |
| 73-2020 REUNIÓNS VIRTUAIS PARA DESEMPATES HABILITACIÓNS MARSIQUEO |
| 74-2020 MODIFICACIÓN 3 DO PLAN DO XEITO |
| 75-2020 MODIFICACIÓN RESOLUCIÓN BAREMO RECURSOS ESPECÍFICOS |
| 76-2020 PUBLICACIÓN NO DOG DO PLAN DO POLBO |
| 77-2020 PUBLICACIÓN REAL DECRETO LEY 19-2020 |
| 78-2020 CARTA SECRETARIA GRAL DE PESCA |
| 79-2020 SOLICITUDES CERCO AUGAS FRANCESAS 3º TRIMESTRE |
| 80-2020 PLAN CENTOLA E BOI 2020-2021 |
| 81-2020 BORRADOR REPARTO COTAS ANCHOA |
| 82-2020 SOLICITUDES ACORDO DO MIÑO 4º BIMESTRE |
| 83-2020 PECHE RAIA MOSAICO ZONA VIII |
| 84-2020 CERCO PORTUGAL POR FORA DAS 12 MILLAS. 3º TRIMESTRE |
| 85-2020 2º BORRADOR REPARTO SWAP PESCADA SUR |
| 86-2020 PRESENTACION AVANTEMAR |
| 87-2020 TRAMITE PRESENTACION CONTAS ANUAIS |
| 88-2020 MODIFICACIÓN 4 DO PLAN DO XEITO |
| 89-2020 BORRADOR DA RESOLUCIÓN QUE MODIFICA A ORDENACIÓN DA SARDIÑA 2020 |
| 90-2020 PUBLICIDADE PROXECTO COLECTIVO DA FEDERACIÓN 2019-2020 |
| 91-2020PUBLICACIÓN DO REAL DECRETO QUE REGULA A ACTIVIDADE DE MERGULLO. |
| 92-2020 PUBLICACIÓN NO BOE DAS NORMAS PARA A APLICACIÓN DAS EXENCIÓNS A OBRIGA DE DESEMBARQUE |
| 93-2020 PLAN DE BOLICHE 2020 |
| 94-2020 RESOLUCIÓN QUE MODIFICA A RESOLUCIÓN DE ORDENACIÓN DA SARDIÑA 2020 |
| 95-2020 RESOLUCIÓN REPARTOS ANCHOA (ANE-9-3411). |
| 96-2020 PROTOCOLO COVID-19 EN MAREAS SUPERIORES A 10 DÍAS |
| 97-2020 REPARTO SWAP PESCADA SUR |
| 98-2020 VEDA CHOCO RÍA DE VIGO |
| 99-2020 VEDA CHOCO RÍA DE PONTEVEDRA |
| 100-2020 AXUDAS A LONXAS POR COVID-19 |
| 101-2020 PUBLICACIÓN NO BOE DA RESOLUCIÓN DA SARDIÑA |
| 102-2020 PUBLICACIÓN NO BOE DA RESOLUCIÓN REPARTOS ANCHOA (ANE 9-3411). |
| 103-2020 VEDA CHOCO RÍA DE AROUSA |
| 104-2020 AXUDAS COVID-19 ARMADORES E REDEIRAS |
| 105-2020 ACLARACIÓN AXUDAS COVID-19 LONXAS E CONFRARIAS |
| 106-2020 PECHE SARDIÑA CERCO, RACÚ E PIOBARDEIRA |
| 107-2020 2º MODIFICACIÓN RESOLUCIÓN ANCHOA VIII |
| 108-2020 BORRADOR ORDE CETACEOS |
| 109-2020 MODIFICACIÓN 5 DO PLAN DO XEITO |
| 110-2020 AXUDAS PARAL.TEMPORAL COVID-19-MADRID |
| 111-2020 SOLICITUDES ACORDO DO MIÑO 5º BIMESTRE |
| 112-2020 AXUDAS PARAL.TEMPORAL COVID-19-MARISQUEO A PE |
| 113-2020 PECHE ATÚN BRANCO DO NORTE |
| 114-2020 MODIFICACIÓN CRITERIOS COMPUTO ACTIVIDADE EXTRACTIVA |

| |
|---|
| 115-2020 BORRADOR DE MODIFICACIÓN DA ORDENACIÓN DA PESCADA, ARTES MENORES |
| 116-2020 BORRADOR AXUDAS COVID-19 A TRIPULANTES EN ERTE |
| 117-2020 SOLICITUDES CERCO AUGAS FRANCESAS 4º TRIMESTRE |
| 118-2020 BORRADOR NOVO ACORDO PESQUEIRO ENTRE ESPAÑA E PORTUGAL |
| 119-2020 RESOLUCIÓN MODIFICACIÓN TOPES PESCADA, ARTES MENORES |
| 120-2020 CERCO PORTUGAL POR FORA DAS 12 MILLAS. 4º TRIMESTRE |
| 121-2020 FLEXIBILIDADE INTERANUAL ANCHOA (ANE-9-3411) |
| 122-2020 PUBLICACIÓN NO BOE DA MODIFICACIÓN DA LISTA DE ESPECIES ELIXIBLES PARA FLEXIBILIDADE INTERESPECIES |
| 123-2020 PUBLICACIÓN NO BOE DA RESOLUCIÓN MODIFICACIÓN TOPES PESCADA, ARTES MENORES |
| 124-2020 PECHE ANCHOA ZONA 8 |
| 125-2020 PECHE SARDIÑA XEITO |
| 126-2020 PECHE PEIXE ESPADA |
| 127-2020 REAPERTURA ANCHOA 8 |
| 128-2020 SOLICITUDES ACORDO DO MIÑO 6º BIMESTRE |
| 129-2020 PLAN BOU DE VARA E RAPETA |
| 130-2020 AXUDAS A TRABALLADORES CON REDUCIÓN DE XORNADA OU SUSPENSIÓN DE CONTRATO POR MOR DO COVID-19 |
| 131-2020 TIPO XESTIÓN CAMPAÑA 2021 |
| 132-2020 BORRADOR RESOLUCIÓN MECANISMO DE OPTIMIZACIÓN |
| 133-2020 PECHE ANCHOA ZONA 8 |
| 134-2020 INSTRUCIÓN TÉCNICA RASCO |
| 135-2020 SOLICITUDES CERCO FRANCIA 1º TRIMESTRE 2021 |
| 136-2020 SOLICITUDES ACORDO DO MIÑO 1º BIMESTRE 2021 |
| 137-2020 CERCO PORTUGAL POR FORA DAS 12 MILLAS. 1º TRIMESTRE 2021 |
| 138-2020 BORRADOR RESOLUCIÓN MEDIDAS ADICIONAIS ANCHOA 9 |
| 139-2020 PLAN PATEXO 2021 |
| 140-2020 PECHE PRECAUTORIO RAIA MOSAICO ZONA 9 |
| 141-2020 PECHE PRECAUTORIO AGULLA BRANCA |

Como resume das temáticas sobre as que versaron as circulares remitidas achegamos o seguinte cadro explicativo:

| Temática (ano 2020) | Nº Circulares |
|---|---|
| Resolucións/comunicacións | 56 |
| Lexislación (decretos, ordes, borradores...) | 73 |
| Peches/Reaperturas de pesquerías | 11 |
| Regulación sectorial | 43 |
| Varios | 32 |
| Tac´s e cuotas, topes capturas, consumos... | 14 |

### ii. A tramitación administrativa.

A tramitación administrativa da Federación dividímola en varios asuntos: a xestión do REXISTRO, tanto de entrada como de saída de documentos; o seguimento diario das campañas pesqueiras, e a tramitación dos cambios temporais de modalidade e cambios de porto base das embarcacións. A continuación facemos unha explicación resumida destes traballos:

## 1. Rexistros de entrada e saída. Cadros.

Aportamos a continuación o número de documentos recibidos/enviados desde o día 1 de xaneiro de 2020 ata o 31 de decembro de 2020 a efectos de ver un ano natural completo .

Agrupamos os datos entre os principais emisores/destinatarios da documentación: Administración Autonómica, Federacións e Confrarías, Administración Central e Outros.

-Documentos recibidos (rexistro de entrada):

| | Admón. Autonómica | Admón. Central | Confrarías e Federacións | Outros | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| 2020 | 1589 | 124 | 1477 | 22 | 3.212 |
| % | 49,47% | 3,86% | 45,98% | 0,69% | 100% |

-Documentos enviados (rexistro de saída):

| | Admón. Autonómica | Admón. Central | Confrarías e Federacións | Outros | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| 2020 | 288 | 39 | 168 | 12 | 507 |
| % | 56,86% | 7,72% | 33,79% | 0,79% | 100% |

## 2. Outras xestións.

### FORMACIÓN

Durante o exercicio 2020 non se puido levar adiante curso de formación algún debido as restricións impostas polo estado de alarma motivado polo COVID-19

### EVENTOS E XORNADAS TÉCNICAS

Polo mesmo motivo que os cursos de formación tivemos que suspender todos os eventos e xornadas técnicas.

## Cambios temporais de modalidade.

A Federación Galega realiza os informes que lle son solicitados pola Consellería do Mar para a aprobación dos cambios temporais de modalidade, unha vez comprobado que a solicitude está realizada pola confraría de pescadores.

Como exemplo, durante o ano natural 2020 tramitáronse 1.195 CTM, das 63 confrarías de Galicia o 96,82 % das mesmas solicitou algún CTM (61 das 63) o longo do ano 2020. Os cambios temporais de modalidade distribuíronse do seguinte xeito por confrarías:

CAMBIOS TEMPORAIS de MODALIDADE por CONFRARIA no PERÍODO 1 Xaneiro 2020 a 31 Decembro 2020

| CONFRARÍA | CTM | CONFRARÍA | CTM |
|---|---|---|---|
| A Coruña | **14** | Marín | **0** |
| A Guarda | **12** | Mera | **2** |
| Aguiño | **64** | Miño | **0** |
| Aldán | **7** | Moaña | **8** |
| Arcade | **22** | Mugardos | **8** |
| Ares | **4** | Muros | **23** |
| Baiona | **41** | Muxia | **21** |
| Barallobre | **5** | Noia | **50** |
| Bueu | **35** | O Barqueiro | **5** |
| Burela | **24** | O Grove | **84** |
| Cabo de Cruz | **16** | O Pindo | **1** |
| Caión | **6** | O Vicedo | **4** |
| Camariñas | **42** | Palmeira | **10** |
| Cambados | **48** | Pobra do Caramiñal | **12** |
| Camelle | **46** | Pontedeume | **7** |
| Cangas | **46** | Pontevedra | **12** |
| Cariño | **19** | Porto do Son | **16** |
| Carril | **4** | Portonovo | **12** |
| Cedeira | **16** | Portosín | **6** |
| Celeiro | **18** | Raxó | **20** |
| Corcubión | **26** | Redondela | **14** |
| Corme | **12** | Rianxo | **19** |
| Espasante | **1** | Ribadeo | **3** |
| Ferrol | **58** | Ribeira | **65** |
| Fisterra | **49** | Sada | **12** |
| Foz | **1** | San Cibrao | **3** |
| Illa de Arousa | **46** | San Xenxo | **8** |
| Laxe | **25** | Vigo | **6** |
| Lira | **16** | Vilaboa | **2** |
| Lorbé | **3** | Vilanova de Arousa | **5** |
| Lourizán | **5** | Vilaxoán | **6** |
| Malpica | **20** | **TOTAL** | **1195** |

## Cambios de porto base.

Conforme se establece no artigo 5 no seu punto 2 do Real Decreto 1035/2017, do 15 de decembro, a Federación Galega de Confrarías de Pescadores debe emitir un informe sobre os cambios de porto base das embarcacións, sempre e cando este implicado un barco pertencente algunha das súas confrarías asociadas.

Unha vez recibida, dende a Consellería do Mar, a petición de emisión de informe, solicitase o parecer da ou das confrarías implicadas en dito cambio. O informe da Federación ira no mesmo senso o das confrarías implicadas.

Estes cambios poden ser portos da mesma provincia, interprovinciais o entre comunidades autónomas diferentes.

Durante o ano 2020 tramitáronse 40 cambios de porto base

## b. AS REUNIÓNS DOS ÓRGANOS REITORES E ACORDOS DA FG

. Durante o ano 2020 a maioría das reunións foron on line

### i. Comités Executivos.

-7-03-2020.Se aprobou a formulación de contas 2019, as accións a desenvolver no Cap VII nomeamento de representantes no CES, se informou sobre reunións varias, se informou da aprobación do dictame sobre o reloxito por parte do CCsud, nomeamento representante Ceimp Ria de Cedeira

-06-06-2020 Se entregou o informe de xestión administrativa anual 2019, se analizou a problemática da mexilla.Se aprobou a presentación do proxecto colectivo da asistencia técnica da FG, se acordou a convocatoria da Xunta Xeral ordinaria, se informou das reunións realizadas, se aprobou a formulación das contas anuais así como o informe de xestión administrativa, se presenta un informe da situación económico financieira da Federación .

-10-10-2020 Se aprobou o contrato da Asistencia Técnica da Federación, a petición á fed. nacional sobre o recoñecemento das Confrarías, informe de reunións

-27-11-2020 Se aproba a proposta de orzamentos para 2021, se presentou un informe económico financieiro, e se trataron asuntos sectoriais, se informou do informe xurídico sobre a enquisa da Universidade de Santiago, inorme COVID ao parlamento, se aproba a convocatoria de Xunta Xeral ordinaria.

### ii. Xuntas Xerais de Patróns e Vicepatróns Maiores

-16-03-2019.Xunta Xeral Extraordinaria Información sobre subida de tipos de cotización no REM que afectan directamente ao sector profesional de pesca artesanal e marisqueo. Posibles medidas a tomar

-20-06-2020. Se presentan as contas anuais do exercicio 2019 así como o informe de xestión económica, a liquidación presupuestaria e o inventario de bens e dereitos.

-

-19-12-2020. aprobación presentación orzamento 2021.

As xunta xerais do ano 2020 se realizaron on line debido ao Covid- 19.

### c. OUTRAS REUNIÓNS

Ao longo do ano se participaron en reunións de traballo, de consulta ou colaboración, tanto coas Administracións Públicas como con outras entidades.

#### i. Reunións coas Administracións Públicas.

É especialmente importante e son moi numerosas as reunións que se celebran coas Administracións Públicas, unha veces facendo propostas, outras solicitando axudas de tipo económico, e moitas negociando e debatendo temas sectoriais.

Coa Xunta de Galicia, maioritariamente coa Consellería do Mar mantemos contacto continuo por todos eses temas

Reunións coa Directora Xeral de Pesca e Innovación Tecnolóxica
Reunións coa Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Reunións con Portos de Galicia

A nivel nacional se realizaron reunións co Ministerio de pesca. Reunións SEGEPESCA, co Ministerio de Fomento e se mantiveron contactos co Ministerio de Traballo

#### ii. Reunións con outras entidades

Ó longo do ano celébranse multitude de reunións de variados temas con outro tipo de entidades e organizacións: Universidades, Centros de investigación, Asociacións da pesca, Empresas privadas, …

## ÓRGANOS CONSULTIVOS

### a. ORGANOS CONSULTIVOS

Outro dos obxectivo da Federación Galega e a de participar como entidade de consulta e colaboración coa Administración Pesqueira, e neste sentido participamos nunha serie de organizacións de carácter consultivo de diverso ámbito:

#### i. Consello Consultivo do Atlántico Sudoeste.

O Consello Consultivo do Atlántico Sudoeste (CC-Sud) é un órgano de consulta da Comisión Europea onde, a nivel rexional, os sectores vinculados coa pesca e a acuicultura

Rúa Palmeiras, nave 84 - A1 15895 Novo Milladoiro Ames (A Coruña)
Telf. 0034 981 94 17 75 - Fax. 0034 981 94 17 56
confrariasgalicia@confrariasgalicia.org - www.confrariasgalicia.org

están representados e organizados para manter unha relación directa de colaboración e consulta coa Comisión, aínda que esta non sexa vinculante.

No ámbito europeo celebráronse as reunións dos órganos consultivos e dos proxectos transnacionais nos que participamos (CCR Sud) que soen ser de carácter trimestral ou semestral

### ii. Consello Galego de Pesca.

O Consello Galego de Pesca é un órgano colexiado de participación, consulta e asesoramento da administración da CCAA de Galicia nos asuntos de pesca, marisqueo e acuicultura. Está estruturado e organizado no Pleno e varias Comisións Sectoriais. A representación do sector pesqueiro está repartida entre asociacións privadas e as confrarías de pescadores, nos que os propios representantes están nomeados pola FG.

### iii. Outros.

Trátase de outros organismos públicos de representación nos que participa a FG como son o Consello Galego de Estatística, o Consello Galego de Economía Social ou o Consello Galego de Medioambiente.